

OS ECOS DO VENTO

Textos de ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO

Ilustracións de NOEMÍ VILLAMUZA

Encadernado en cartón. 18,5 x 27 cm. 32 páx. 16 €

Os ecos do vento (galego)

ISBN 978-84-1343-281-6. Poesía. Poesía Ilustrada.

Los ecos del viento (castelán)

ISBN 978-84-1343-282-3. Poesía. Poesía ilustrada.

Escoitei en silencio os ecos do vento.

Eran versos de cores, amables, limpos.

Eran versos musicais, cristalinos, con voz de muller.

Palabras que procedían de lugares coñecidos e diversos...

[Fragmento da introdución]

Unha homenaxe lírica e artística a unha dúcia de autoras destacadas tanto do pasado século XX como do presente.

Empapado na obra das escritoras ás que están dedicados estes poemas, os versos de Antonio García Teijeiro fluíron dende a emoción e a admiración. Son composicións que, tanto co clasicismo da rima como a través da métrica libre, destacan polo ritmo e a musicalidade, o ton luminoso e o canto á beleza.

As súas destinatarias son mulleres de distintas xeracións, estilos literarios e procedencias a ambos os lados do Atlántico: as uruguaias Juana de Ibarborou e Mercedes Calvo, as chilenas Gabriela Mistral e María José Ferrada, as argentinas María Elena Walsh, María Cristina Ramos, Cecilia Pisos, María Teresa Andruetto e Laura Devetach, e finalmente a gran Rosalía de Castro, a inesquecible Gloria Fuertes e unha das principais expoñentes do actual panorama das letras no plano estatal, Beatriz Giménez de Ory.

Son creadoras, poetas ou narradoras con moito arraigamento nos seus respectivos países e con recoñecementos importantes: dende unha Premio Nobel ata unha Medalla Hans Christian Andersen, pasando polo Premio Hispanoamericano de Poesía para Nenos que recibiron algunhas delas.

Noemí Villamuza acompaña estas ofrendas líricas con ilustracións sensibles e suxestivas, de liñas bosquexadas e suaves pinceladas de cor. A figura feminina —representada en todas as etapas vitais— é a protagonista dunhas imaxes dinámicas, lúdicas e expresivas onde as protagonistas xogan, danzan e soñan ao paso do tempo.



OS ECOS DO VENTO

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO
NOEMÍ VILLAMUZA



■ **Temática:** homenaxe poética a doce escritoras de ambas as beiras do Atlántico.

■ **Idade recomendada:** dende 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** mulleres poetas de relevancia literaria e cultural, dende o s. XX á actualidade; ciclo da vida, o paso do tempo, a natureza; sensibilidade, emocións, amor, ternura, maternidade; ritmo, xogo; do coautor de «[Versos e viceversos](#)»; dailustradora de «[O conto do outro día](#)» e «[¡A la luna, a las dos, y a las tres!](#)» (XI Premio Orihuela 2018), Kalandraka.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-ecos-do-vento-g>

Antonio García Teijeiro

(Vigo, 1952)

Foi mestre e estivo vencellado aos movementos de renovación pedagóxica. É autor de numerosos libros. Recibiu os premios Merlín 1996, Pier Paolo Vergerio 1998, Luna de Aire 2007 e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017, entre outras distincións. A súa obra figura en destacadas listas bibliográficas (IBBY, Fundación Sánchez Ruipérez, CLIJ).

<http://garciateijeiro.blogspot.com/>

Noemí Villamuza

(Palencia, 1971)

Estudou Belas Artes na Universidade de Salamanca. En 1998, recién afincada en Barcelona, publicou o seu primeiro libro. Dende endón suma uns corenta títulos publicados en varios países. Imparte obradoiros de ilustración na Escola Massana. Foi galardoada co Premio Junceda 2007 e finalista do Premio Nacional de Ilustración 2002.

<http://www.noemivillamuza.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

Este libro cuenta con el apoyo del Ministerio de Cultura

